



## **Bolsas de estudios para o curso 2025/2026**

Convócanse **bolsas para estudantes** que no curso académico 2025-2026 cursen **ensinos postobrigatorios** con validez en todo o territorio nacional.

Poderán solicitar as bolsas desta convocatoria os estudantes que non superen unha determinada renda e/ou patrimonio familiar, que cumpran uns determinados requisitos de aproveitamento académico e que vaian a cursar algúns dos seguintes ensinos:

### **1. Ensinos postobrigatorios e superiores non universitarias**

- a) Primeiro e segundo cursos de bacharelato.
- b) Ciclos de Formación Profesional de grao medio e de grao superior.
- c) Ensinos artísticos profesionais.
- d) Ensinos deportivos.
- e) Estudos relixiosos superiores.
- f) Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
- g) Cursos de acceso e cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior.
- h) Ciclos Formativos de Grao Básico.

### **2. Ensinos artísticos superiores e ensinos universitarios do sistema universitario**

- a) Ensinos artísticos superiores.
- b) Ensinos universitarios conducentes a títulos oficiais de grao e de máster.
- c) Curso de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
- d) Complementos de formación para acceso ou obtención do título de máster e créditos complementarios para a obtención do título de grao.

Compoñentes das bolsas e **contías**:

1. *Contías fixas.*

- a) Bolsa de matrícula.
- b) Contía fixa ligada á renda do estudante.
- c) Contía fixa ligada á residencia do estudante durante o curso escolar.
- d) Contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico
- e) Bolsa básica.

2. *Contía variable.* A bolsa poderá incluír, así mesmo, unha contía variable e distinta para os diferentes solicitantes que resultará da ponderación da nota media do expediente do estudante e da súa renda familiar.

**Limiars da renda familiar:**

Nº de membros de la familia	Umbral 1 (euros)	Umbral 2 (euros)	Umbral 3 (euros)
1	8.843	13.898	14.818
2	13.264	23.724	25.293
3	17.685	32.201	34.332
4	22.107	38.242	40.773
5	25.644	42.743	45.572
6	29.181	46.142	49.196
7	32.718	49.503	52.780
8	36.255	52.850	56.348
Cada miembro adicional al 8º	3.536	3.340	3.561

O **prazo** para presentar a solicitude de bolsa tanto para estudos universitarios como non universitarios estenderase:

**desde o día 24 de marzo ás 8:00 ata o 14 de maio de 2025, ás 15:00, ambos inclusive.**

**Importante!:** Pide a bolsa sempre dentro do prazo aínda que non se abra o período de matrícula nos estudos que che interesan, non saibas o que vas estudar ou mesmo non saibas se vas estudar ou non.

Máis información no [BOE do 20 de marzo de 2025](#) e en <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas.html>